

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO PARA A COEDICIÓN DA REVISTA *DORNA. EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA*

En Santiago de Compostela,

REÚNENSE

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude do establecido nos seus estatutos e do nomeamento como reitor polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo de 2022), que actúa en nome e representación da devandita entidade.

EXPOÑEN:

Un. Que ambas as dúas partes comparecentes consideran como referente normativo básico da súa actuación o artigo 3.2 da Constitución española sobre a oficialidade das outras linguas españolas nas respectivas comunidades autónomas e o artigo 5 do Estatuto de autonomía para Galicia que establece que a lingua propia de Galicia é o galego e que os poderes públicos de Galicia potenciarán o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Que, así mesmo, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, concretamente no artigo 20.2, establece que o Goberno galego estimulará as manifestacións culturais



realizadas en lingua galega. Que no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da lingua, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

Dous. Que a Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, establece no seu artigo 16 que, como medida para impulsar e axilizar a edición, a Xunta de Galicia, a través de convenios, cooperará con outras administracións públicas, institucións e entidades públicas e privadas para a creación, tradución, edición, difusión, distribución e comercialización de libros e outros materiais que teñan por finalidade a difusión da cultura e do patrimonio galego.

Tres. Que o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade do Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, establece como obxectivo lograr unha maior presenza das investigacións e creacións literarias en lingua galega no mundo.

Catro. Que a Universidade de Santiago de Compostela (en diante, a USC) é unha entidade de dereito público cunha estrutura de goberno, autonomía e competencias propias establecidas por lei orgánica e polos propios estatutos, onde se recolle que o galego ten o carácter de lingua oficial. Que, entre as súas funcións, a USC desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico e, así mesmo, realiza publicacións relacionadas con estas funcións.

Cinco. Que entre as publicacións que elabora a USC figura *Dorna*, unha revista de expresión poética galega que nace en 1981 na Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Facultade de Filoloxía da USC. Esta revista en lingua galega ten unha periodicidade anual e a súa temática é a creación poética, literaria, traducións e estudos de crítica literaria. Trátase da única publicación miscelánea e periódica de poesía que se publica en Galicia.



Seis. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela, que teñen intereses coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións de normalización lingüística e no cumprimento dos obxectivos do Plan xeral de normalización da lingua para lograr unha maior presenza das investigacións e creacións literarias en lingua galega no mundo, así como de ofrecerlles unha canle editorial aos autores e autoras noveis no cultivo lírico da lingua galega.

Sete. Que, para levar a cabo as actuacións que se prevén neste convenio, se fai constar que non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência, xa que se trata dunha actividade de interese público e social que, pola súa exclusividade e singularidade, fan evidente a imposibilidade de promover a concorrência en convocatoria pública para levar a cabo as actuacións previstas no convenio e, ademais, a Universidade de Santiago de Compostela posúe en exclusividade os dereitos sobre a citada publicación. Non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública que establece o artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, e dado o interese coincidente de ambas as dúas partes, acordan asinar un convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da lingua, e a Universidade de Santiago de Compostela para ofrecerlles unha canle editorial aos autores e autoras noveis con arelas no cultivo lírico da lingua galega, contribuíndo á difusión da citada revista nos centros de estudos galegos en universidades estranxeiras.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións para potenciar o fomento e a difusión do idioma galego a través da revista *Dorna. Expresión poética galega*, que realiza esta universidade.



Segunda. Obrigas da Universidade de Santiago de Compostela

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e do Plan xeral de normalización da lingua galega, mediante a sinatura deste convenio a Universidade de Santiago de Compostela comprométese a editar 300 exemplares do número 47 da revista *Dorna. Expresión poética galega* e asume o compromiso de garantir un control da calidade lingüística dos contidos que publique.

Para o cumprimento dos obxectivos deste convenio, a USC facilitará o persoal, as infraestruturas e os medios dos que dispón para a súa execución, así como asumirá o traballo da edición e a loxística da revista.

Terceira. Obrigas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da lingua, comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta. Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente adenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando



teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Quinta. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio se deberán levar a cabo de acordo co previsto nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Será considerada causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta cláusula.

Sexta. Financiamento

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da lingua, colaborará na realización desta acción cunha achega de **3.000,00 €** con cargo á partida orzamentaria 13.02.151A.481.0 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. O orzamento desagregado recóllese no anexo I

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade apoiada, de acordo co establecido no artigo 40.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba, o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións



ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación deste convenio.

Así mesmo, deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétima. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase telematicamente accedendo ao expediente na carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante (<https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>). Código de procedemento PR004A.

A USC percibirá a cantidade sinalada na estipulación sexta nunha soa achega, para o que presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2025, a seguinte documentación:

- . Unha certificación do departamento impresor da publicación no que conste o número de exemplares da tiraxe.
- . Unha certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará a xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante facturas. Tamén deberá acreditar e xustificar o pagamento do gasto realizado.
- . Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- . Para o control das actividades que se prevén no convenio, entregaranse nesta Secretaría xeral varios exemplares da revista *Dorna*.
- . Ficha resumo de execución do convenio (anexo II que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de



execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

No caso de que a xustificación dos gastos e pagamentos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude diminuírase proporcionalmente.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, a USC presentarlle a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, unha declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Esta declaración poderá substituírse por:

- . Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- . Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda.
- . Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.



Ademais disto, antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, a USC presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo fin, ás distintas administracións públicas ou a calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. No caso de non ter ningunha axuda, deberase presentar unha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.

Así mesmo, a USC deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A USC utilizará o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta lei, a USC comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de mora, segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal e no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A USC facilitará toda a información que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude lle requira, así como a que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Oitava. Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións,



modificado polo artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, a entidade asinante deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003), modificado polo artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa (BOE núm. 226, do 17 de setembro de 2014).

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, do 10 de decembro de 2013), e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto de 2006).

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outórgase o consentimento para que se publiquen as axudas concedidas nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio, as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen nel e máis o resto das especificacións que contén poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Novena. Comisión de Seguimento

Para a supervisión deste convenio crearase unha comisión paritaria que coordinará o seu desenvolvemento, planificación e cumprimento e que estará constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da lingua, nomeados polo seu titular, e por dous representantes da USC.



Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décima. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2025. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou pola súa denuncia por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, logo da audiencia da outra parte e con polo menos un mes de antelación. Abranguerá as accións obxecto do convenio que realice a entidade dende o 1 de xaneiro.

Décimo primeira. Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha —nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria— polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo segunda. Resolución do convenio

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De ser resolto o convenio por incumprimento da USC, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas para o seu financiamento.

Décimo terceira. Publicidade



En todas as actividades, actuacións informativas, divulgativas e publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar nun lugar destacado a colaboración das dúas partes e usaranse para iso, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de imaxe corporativa.

Así mesmo, sexa cal for o medio de difusión, calquera das partes se compromete a facer mención das outras partes e deste convenio.

Décimo cuarta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen unha persoa interesada que estea obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@ (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.



Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais, e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sexta. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia (DOG do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais. Tamén será aplicable á cidadanía, que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, con respecto ás normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7, apartados 1 e 2, respectivamente, da citada lei).

Décimo sétima. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O réxime xurídico aplicable a este convenio será o das seguintes normas: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba



o regulamento da citada lei, e a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Así mesmo, este convenio tamén estará suxeito aos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da devandita lei.

A posible discrepancia na aplicación e interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou resolverao a Comisión de Seguimento prevista na estipulación novena.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes comparecentes asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude

José Carlos López Campos

O reitor magnífico da Universidade de
Santiago de Compostela

Antonio López Díaz



ANEXO I

ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR ACCIÓNS E LIÑAS DE
GASTO
CADRO DO IMPORTE TOTAL DO PROXECTO

Liñas de acción/actividades do convenio	
Coedición da revista <i>Dorna. Expresión poética galega</i> (volume 47)	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1. Deseño, maquetación, impresión e encadernación (300 exemplares)	3000 euros
TOTAL	3000 euros



ANEXO II

(Para cubrir pola entidade)

FICHA RESUMO DA EXECUCIÓN DO CONVENIO

Convenio/Título:

Entidade:

N.º proxectos, accións e actividades	Localidades	N.º de persoas destinatarias, beneficiarias	Homes (%)	Mulleres (%)
TOTAL				

